



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN AVELAÍÑA PARA ACHEGAR A ATENCIÓN SOCIOSANITARIA ÁS PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL E AOS SEUS FAMILIARES NAS COMARCAS DE CONDADO E PARADANTA. "PROXECTO ACHEGO 3.0+" . ATENCIÓN EN SAÚDE MENTAL NO MEDIO RURAL."

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o día 18.10.2023 coa Asociación Avelaíña, o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estará vixente ata o 31.12.2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a citada asociación para o desenvolvemento do proxecto "*Achego 3.0+. Atención en saúde mental no medio rural*", consistente nunha serie de actividades para achegar a atención sociosanitaria ás persoas con enfermidade mental e ás súas familias nas comarcas de Condado e Paradanta, mediante catro liñas básicas de actuación:

1. Ofrecer unha unidade de apoio comunitario en Saúde Mental
2. Ofrecer un servizo de atención domiciliaria a aquelas persoas que teñan limitacións que lles impidan acceder a outros recursos
3. Coordinación cos servizos sociosanitarios e comunitarios dos concellos das comarcas de Condado e Paradanta.
4. Difusión dos servizos ofrecidos tanto con visitas presenciais ao resto de servizos existentes nos concellos das comarcas de Condado e Paradanta como empregando outros medios (tales como cartalaría, páxina web e/ou redes sociais).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Asociación Avelaíña é unha entidade que leva a cabo actividades de axuda e apoio aos enfermos mentais e ás súas familias, tendo como un dos seus fins a información, asesoramento, a atención domiciliaria e a rehabilitación psicosocial. Ademais dita asociación conta cos recursos humanos e materiais necesarios para desenvolver as actividades recollidas neste convenio.

Tanto a Consellería de Sanidade como o Servizo Galego de Saúde están comprometidos na necesidade de dar soporte ás persoas que padecen estas enfermidades e aos seus familiares e coidadores. É por iso que, co ánimo de poder adoptar novas estratexias que permitan



mitigar as repercusións persoais e sociais destas persoas, estimou necesario abordar, en colaboración coa Asociación Avelíña, a posta en marcha do programa citado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

